



CONCELLO DE

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
Documento CON10I0N1	Expediente CON/18/2016	

15078DCON10I0N1?



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e 31 de xullo, das festas do Apóstolo 2016 da cidade de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 180.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 30 de xuño de 2016, ás 10:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Branca Novo Rey.

Vocales: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Javier García Castelo, arquitecto municipal.

Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamen asiste un representante de ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	22/06/2016	30.535	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA
2	22/06/2016	30.668	FORCS D´ARTIFICI EUROPLA. S.L
3	27/06/2016	31.070	PROYECT ARTE PRODUCCIONES (*)

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que a empresa PROYECT ARTE PRODUCCIONES non presenta debidamente asinada a súa documentación, polo que a mesa a corda a súa exclusión da licitación, de acordo co recollido no prego de cláusulas administrativas de aplicación, que no seu apartado 13.3. dispón:

*"Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre"*.

A mesa acorda o traslado da documentación dos dous licitadores admitidos ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 10:42 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe:

Vº E PRACE
A PRESIDENTE DA MESA





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0N1	Expediente CON/18/2016	

15078DCON10I0N1?



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e 31 de xullo, das festas do Apóstolo 2016 da cidade de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 180.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 7 de xullo de 2016, ás 09:15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Branca Novo Rey.

Vocales: D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Enrique Vázquez Naveira, director de Festas.

Dna. Ana Gago, viceinterventora municipal.

D. José Ramón Alonso Fernández, en funcións de director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Analizado o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes, relativo a documentación acreditativa dos criterios NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes, conclúen os membros da mesa que procede requerir unha ampliación do mesmo, que incida no estudo comparativo entre as dúas ofertas admitidas e as súas consecuencias concretas nos puntos outorgados en cada apartado, incorporando así mesmo un maior detalle na motivación, polo que se acorda dar traslado de novo da documentación ós técnicos municipais responsables.

Ás 9:45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1010N1	<i>Expediente</i> CON/18/2016	

15078DCON1010N1?



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e 31 de xullo, das festas do Apóstolo 2016 da cidade de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 180.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 11 de xullo de 2016, ás 9.10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Branca Novo Rey.

Vocais: D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas.

Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Procédese ó exame do informe valorativo ampliado de acordo coas indicacións recibidas na anterior reunión desta mesa, realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta e conta co voto favorable de todos os membros da mesa.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	MELLORAS
1	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA	179.372	Ningunha
2	FOCS D´ARTIFICI EUROPLÁ, S.L.	174.000	Tres días adicionais

Da análise do actuado despréndese que, quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador FOCS D´ARTIFICI EUROPLA. S.L

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa PROYECT ARTE PRODUCCIONES por non presentar debidamente asinada a súa documentación de acordo co recollido no prego de cláusulas administrativas de aplicación, que no seu apartado 13.3. dispón:

*"Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscribida na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos*



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0N1	<i>Expediente</i> CON/18/2016	

15078DCON10I0N1?



documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre”.

SEGUNDO: Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **FOCS D´ARTIFICI EUROPLÁ, S.L.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 174.000 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0N1	Expediente CON/18/2016	

15078DCON10I0N1?



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e 31 de xullo, das festas do Apóstolo 2016 da cidade de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 180.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 19 de xullo de 2016, ás 10.15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Branca Novo Rey.

Vocais: D. Rafael Peña representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas.

Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **FOCS D´ARTIFICI EUROPLÁ SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10.25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA





INFORME TÉCNICO E ARTÍSTICO SOBRE AS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO DESEÑO, PRODUCCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS NOCTURNOS DO 24 E 31 DE XULLO, DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2016 DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

INTRODUCCIÓN.

O obxecto do contrato comprende a realización do servizo cultural de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos das festas do Apóstolo 2016 da cidade de Santiago de Compostela que terán lugar na Praza do Obradoiro a noite do 24 de xullo e na escalinata do Campus Sur o día 31 de xullo.

Preséntanse para a súa valoración dúas propostas, realizadas polas seguintes empresas:

- 1.- ACCIONA.
- 2.- FOCS D'ARTIFICI EUROPLÁ S.L.

CRITERIOS DE VALORACIÓN.

No correspondente Prego de cláusulas administrativas particulares reflíctense os criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras, valorados con un máximo de 49 puntos, e que se distribúen da seguinte maneira:

- **Criterio nº 1. Idea.....30 puntos**

A proposta creativa desenvolverase na oferta mediante un guión con expresión libre. A proposta creativa axustarase a un fío argumental que deberá desenvolver contidos concretos e relativos á idea de dar protagonismo a xente da cidade, as festas e o movemento cultural sen esquecer a propia historia:

- Protagonistas da vida cultural da cidade: autores, escritores e escritoras, pintores e pintoras, asociacións, músicos, bandas, artistas en xeral que dalgún xeito configuran o contido da cidade a nivel cultural potenciando a identidade contemporánea da cidade de Santiago.
- Iconografía propia das festas do Apóstolo: Cabezudos, Xigantes, baile tradicional, banda de música, Filharmonía de Galicia, ...
- Espazos emblemáticos da cidade e percorridos polas rúas e prazas.

A locución deberá de ser en galego.

Tamén se terán en conta os seguintes aspectos:

- Adecuación ó tipo ou grado da actitude receptiva que se supón no espectador.
- Adecuación entre a banda sonora e os tempos, ritmos e puntos álxidos do espectáculo. Coordinación coa parte que conteña os fogos de artificio.
- Duración dos espectáculos, que pode ser distinta cada día e que será un dos aspectos que primará na puntuación.

A proposta creativa do espectáculo do día 24 de xullo valorarase cun máximo de 20 puntos e a proposta creativa do espectáculo do día 31 de xullo valorarase cun máximo de 10 puntos.



- **Criterio nº 2. Adecuación ó ámbito.....7 puntos**

Valorarase que, de un xeito xenérico no deseño do espectáculo se teña en conta o entorno que serve de soporte ó desenrolo do espectáculo e demostre sensibilidade e respecto con el.

Valorarase na proposta relativa á noite do 24 de xullo o equilibrio entre a parte multimedia e a parte pirotécnica xa que nos últimos anos esta última foi perdendo peso e realmente é a parte do espectáculo que mellor se visualiza dende outras zonas da cidade e pode ser vista por máis xente.

Neste sentido valorarase o seguinte:

- A determinación do uso de medidas correctoras que minimicen o impacto visual que na Praza do Obradoiro producen os equipos técnicos de proxección, iluminación, luz e son e os equipos e maquinaria auxiliar que poda ser necesaria para a montaxe e realización dos espectáculos.
- Determinación das características dos elementos de valado, andamiaxe e delimitación das áreas de traballo e das zonas de público ou corredores de circulación, que ademais de cumprir axeitadamente a súa función teñan unhas características estéticas acordes co entorno.

As medidas correctoras de impacto visual valoraranse con un máximo de 4 puntos e as características do valado con un máximo de 3 puntos.

- **Criterio nº 3. Medios técnicos.....8 puntos**

Na memoria na que se detallan os medios e aspectos técnicos do espectáculo deberá, alomenos e de xeito claro, determinar:

- Descrición do equipamento técnico: equipos de proxección, iluminación, son e demais infraestruturas técnicas; a súa ubicación na Praza e/ou nos edificios que lles sirvan de apoio. Detalle dos elementos a utilizar e o papel que desempeñan na representación.
- Descrición dos elementos necesarios para a representación, detallando, se as houberse, o número, clase (tamaño, peso, tipo de pólvora) e situación das cargas pirotécnicas e planos nos que se indique de forma precisa a súa colocación.
- Memoria de execución detallando o *timing* das actividades a realizar especificando os días/noites de montaxe que será necesaria a apertura do Pazo de Raxoi.
- Descrición dos artefactos pirotécnicos utilizados no castelo a disparar no Campus Sur o día 31 de xullo, detallando número, clase, pesos, etc.

A puntuación total de 8 puntos distribuirase do seguinte xeito: artefactos pirotécnicos do 24 de xullo, 4 puntos; artefactos pirotécnicos do día 31 de xullo, 3 puntos; e equipamento técnico de iluminación, proxección e son, 1 punto.

- **Criterio nº 4. Equipo técnico.....4 puntos**

Valorase neste punto a cualificación técnica do equipo humano que leve a cabo o proxecto e a súa capacitación para a montaxe de un espectáculo destas características. Detalle do persoal de técnicos a utilizar. Presentación dun esquema da colocación dos mesmos.



☛ Criterio nº 5. Melloras.....10 puntos

Valorarase especialmente como mellora a repetición da parte multimedia do espectáculo do 24 de xullo nos días seguintes (levaranse a cabo entre os días 25 e 30 de xullo de acordo coa solicitude do departamento municipal de cultura).

A puntuación por unha mellora dun día adicional de repetición do espectáculo será de 3 puntos, dous días adicionais valoraranse con 6 puntos e tres días adicionais con 10 puntos.

ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PROPOSTAS.

A continuación faise un análise das propostas presentadas no sobre de referencias técnicas, e seguindo os criterios de adxudicación números 2, 3, 4 e 5, valorados con un máximo de 29 puntos

1.- ACCIONA

- Criterio nº 2. Adecuación ó ámbito

a. Medidas correctoras de impacto visual:

Co obxecto de minimizar o impacto visual dos sistemas de control e proxectores de vídeo a empregar no espectáculo, ACCIONA propón situalos en tres puntos diferentes da praza, ocultándoos e cubríndoos con casetas dobres tematizadas e totalmente integradas no entorno.

Puntuación4 puntos

b. Características do valado

Para a delimitación das áreas de traballo e corredores para a seguridade na Praza do Obradoiro utilizarase un valado de contención peonil baixo, metálico, galvanizado e en perfecto estado, non de obra.

Puntuación3 puntos

- Criterio nº 3. Medios técnicos

a. Artefactos pirotécnicos día 24 de xullo:

Preséntase un listado dos elementos pirotécnicos (detallando nº de catalogación, unidades e pesos inflamables de cada un), coa descrición dos seus efectos.

Os artefactos que se utilizarán nos disparos aéreos terán un calibre máximo de carcasa de 75 mm. O espectáculo piromusical ten como novidade a integración de máquinas de lapas ou chamas, situadas no Pazo de Raxoi. Non se empregará ningún tipo de pirotecnia na cuberta da catedral nin nas estadas do corpo central da fachada ou das torres da catedral.

Indícase ademais que todos os elementos pirotécnicos a utilizar irán premontados en soportes (kits de seguridade) para non ter que ser apoiados na pedra en ningún dos casos, e reducir o seu movemento e a posibilidade de producir manchas na pedra.



Na memoria reflíctese o cumprimento das distancias mínimas de seguridade ao público e ás edificacións establecida na Instrucción Técnica Complementaria ITC-8 do Real Decreto 563/2010, de 7 de maio, (*Reglamento de artículos pirotécnicos e cartuchería*) que entrou en vigor na data 9 de maio de 2013.

O material utilizado entre a Praza do Obradoiro e San Martiño Pinarío é:

Total unidades empregadas 4.424 uds
Peso Total Material regulamentado 611,52 kg

Puntuación2 puntos

b. Artefactos pirotécnicos día 31 de xullo:

Descríbense os elementos do castelo a disparar no Campus Sur así coma as unidades e duración dos mesmos, coa descrición dos seus efectos. O espectáculo pirotécnico terá 18 minutos de duración. Os artefactos, que serán disparados desde a zona da Alameda -Campus Sur terán un calibre máximo de 150 mm.

Advírtese que a Instrucción Técnica Complementaria ITC-8 do Real Decreto 563/2010, de 7 de maio, (*Reglamento de artículos pirotécnicos y cartuchería*), que entrou en vigor na data 9 de maio de 2013, establece unha distancia mínima de seguridade ao público de 120 m para os artefactos pirotécnicos de calibre 150 mm, o cal reduce a presenza de espectadores en boa parte da zona do campus universitario.

Total unidades empregadas 2.763 uds
Peso Total Material regulamentada 477,78 kg

Puntuación2 puntos

c. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son

Os medios técnicos previstos (iluminación, proxección, son e infraestrutura eléctrica) están descritos na memoria e considéranse axeitados para o evento.

Para a iluminación contarase con 17 proxectores móbiles de feixe de luz estreito, cunha produción de 59.760 lux a 20 metros de distancia. Os proxectores estarán distribuídos da seguinte maneira: 11 uds. no Pazo de Raxoi, 3 uds. na fachada do Hostal dos RR.CC. e 3 uds. na fachada do Pazo de San Xerome. Tamén se disporá de 9 proxectores móbiles para xerar cambios de cor sincronizados e texturas sobre as fachadas do Hostal dos RR.CC e do Pazo de San Xerome. Igualmente se contempla a iluminación dos verticais das estadas de limpeza das obras da catedral.



Polo que respecta á proxección de imaxe, propóñense 3 conxuntos de 3 proxectores de vídeo de alta potencia con 22.000 lúmenes cada un (polo que a potencia total será de 198.000 lúmenes) Irán colocados cerca da fachada da catedral e que terán a capacidade de crear unha sola imaxe sobre a fachada do Pazo de Raxoi. Para a correcta programación e operación do sistema de proxección propónse a utilización dun sistema WACHOUT para o axuste de son, iluminación e vídeo.

O equipo de son distribuirase en 2 torres nos laterais do Pazo de Raxoi cunha potencia total de 40.000 W. O equipo de son será da marca Meyer Sound ou NEXO, con 1 mesa de mestura, 2 ecualizadores, 2 compresores, 4 racks de amplificación, 2 reprodutores de son con saída dixital e 40 caixas.

Puntuación.....0,75 puntos

- Criterio nº 4. Equipo técnico

A proposta indica e presenta un organigrama do equipo humano no que se reflicte un total de 8 persoas, entre as que se inclúe un arquitecto na especialidade de edificación e urbanismo, un enxeñeiro industrial, un técnico de son, un programador de sistemas e distintos especialistas en comunicacións e creacións audiovisuais.

Non se detalla o persoal adscrito aos traballos de pirotecnia, indicándose no organigrama que se tratará da empresa Pirotecnia IGUAL.

Ademais, inclúese a colaboración da Compañía de Teatro “Os Quintilláns”.

O equipo técnico adscrito ó proxecto considérase suficiente. Considérase importante que a empresa conte, para o desenvolvemento do proxecto, coa colaboración dun arquitecto (responsable da seguridade no traballo, o control de calidade e medio ambiente e a protección do patrimonio e o entorno), así como un enxeñeiro industrial como xefe de instalacións.

Porén, bótase en falta que na proposta non se faga ningunha referencia ao Plan de Seguridade nin ao Plan de Emerxencia aos que se facía referencia no apartado 4.d. do “*Prego de Prescricións Técnicas para a contratación mediante concurso por procedemento aberto, do deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e 31 de xullo, das festas do apóstolo 2016 da cidade de Santiago de Compostela*”. En consecuencia, no caso de que finalmente resulte adxudicado o contrato a ACCIONA, deberase esixir a presentación dos mesmos.

Puntuación3,5 puntos



➤ **Criterio nº 5. Melloras**

Non se propón como mellora ningunha repetición da parte multimedia do espectáculo do 24 de xullo nos días seguintes.

Puntuación0 puntos

OBSERVACIÓNS:

No apartado 5.2 "Adecuación ao ámbito" do "Prego de Prescricións Técnicas" especificase que na proposta relativa á noite do 24 de xullo "*valorarase o equilibrio entre a parte multimedia e a parte pirotécnica, xa que nos últimos anos esta última foi perdendo peso e realmente é a parte do espectáculo que mellor se visualiza dende outras zonas da cidade, e pode ser vista por máis xente*".

Na escaleta técnica da proposta presentada por ACCIONA para o espectáculo do 24 de xullo dedúcese que a totalidade dos efectos pirotécnicos empregados ocupan un total de 8 minutos e 9 segundos, resultando menos da terceira parte da duración do espectáculo que é de 30 minutos. *Considérase por tanto que o equilibrio entre a parte multimedia e a parte pirotécnica queda descompensado a favor da primeira (en contra do especificado no Prego).*

Puntuación total da proposta de ACCIONA..... 15,25 puntos

2.- FOCS D'ARTIFICI EUROPLÁ S.L.

- Criterio nº 2. Adecuación ó ámbito

a. Medidas correctoras de impacto visual:

Co obxecto de minimizar o impacto visual das carpas dos sistemas de control e as estruturas dos proxectores de vídeo a empregar no espectáculo, (situados en cinco puntos diferentes da praza), **EUROPLÁ** prevé ocultalos cubríndoos con lonas ignífugas deseñadas co logo do evento.

Puntuación4 puntos

b. Características do valado

Para a delimitación das áreas de traballo e corredores para a seguridade na Praza do Obradoiro utilizarase un valado fixo. Nos puntos mais conflictivos da praza colocaranse valas anti-avalancha de 1 metro de largo, realizadas en aluminio, e provistas dun chanzo de chapa perforada que permite ao persoal de seguridade acceder ao público en caso de necesidade.

Puntuación3 puntos

- Criterio nº 3. Medios técnicos

a. Artefactos pirotécnicos día 24 de xullo:

Preséntase un listado dos elementos pirotécnicos (detallando nº de catalogación, unidades e pesos de cada un), coa descrición dos seus efectos aéreos ou terrestres.

Os artefactos que se utilizarán nos disparos aéreos no entorno da praza terán un calibre máximo de carcasa de 60 mm, e na horta de SanMartíño Pinario empregaranse calibres superiores, de 75 e 100 mm.

Reflictese ademais que todos os elementos pirotécnicos a utilizar cumprarán dúas premisas: serán biodegradables (e por tanto respectuosos co entorno) e producirán baixa contaminación e emisión de fumes (o que redunda nunha alta pureza e luminosidade dos mesmos).

O material utilizado entre a Praza do Obradoiro e San Martíño Pinario é:

Total unidades empregadas 24.251 uds

Peso Total Material regulamentada 1.674,52 kg

Puntuación4 puntos

b. Artefactos pirotécnicos día 31 de xullo:

Descríbense os elementos do castelo a disparar no Campus Sur así coma as unidades e duración dos mesmos, coa descrición dos seus efectos. O espectáculo pirotécnico terá 22 minutos de duración.

Os artefactos, que serán disparados desde a zona da Alameda -Campus Sur terán un calibre máximo de 125 mm.



CONCELLO DE SANTIAGO

Advirtese que a Instrucción Técnica Complementaria ITC-8 do Real Decreto 563/2010, de 7 de maio, (*Reglamento de artículos pirotécnicos y cartuchería*), que entrou en vigor na data 9 de maio de 2013, establece unha distancia mínima de seguridade ao público de 75 m para os artefactos pirotécnicos de calibre 125 mm, o cal reduce a presenza de espectadores nunha parte da zona do campus universitario.

Total unidades empregadas 3.686 uds
Peso Total Material regulamentada 652,80 kg

Puntuación1 puntos

c. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son

Os medios técnicos previstos (iluminación, proxección, son e infraestrutura eléctrica) están descritos na memoria e considéranse axeitados para o evento.

Para a iluminación empregárase por un lado unidades moi brillantes e rápidas de feirxe paralelo a 20 metros de distancia, e por outro, luminarias LED de baixo consumo e alta calidade para a iluminación xeral dos edificios e a praza. Utilizaranse en total 38 aparatos, cunha potencia de 17.760 W. Os proxectores estarán distribuídos en 4 baterías (dúas a cada lado das escaleiras da catedral, unha no lateral dereito do Hostal e outra diante de San Xerome).

Polo que respecta á proxección de imaxe, proxéctase un evento de videomapping en 360º para o que se empregarán 11 proxectores de vídeo de alta luminosidade da marca Barco acadando un total de 360.000 lúmenes. Irán instalados nas fachadas dos catro edificios da praza, de xeito que se consegue proxectar sobre calquera das partes un mínimo de 110 lux por metro cadrado (o que significa, segundo a memoria presentada, os niveis máis altos de luminosidade xamais empregados no Obradoiro).

O equipo de son distribuirase en 4 puntos nas esquinas da Praza cunha potencia total de 50.600 W, proporcionando así un son inmersivo e envolvente para os espectadores da praza. O equipo de son será da marca L-Acoustics, con 1 mesa de mestura, e 48 aparatos de son de diferentes características.

Puntuación 1 punto

- Criterio nº 4. Equipo técnico

A proposta indica e presenta un organigrama do equipo humano no que se reflicte un total de 80 persoas que se destinarán á produción, creación de contidos, e post-produción "in situ". Entre elas se inclúe un enxeñeiro técnico de Telecomunicacións, dous enxeñeiros de son, e distintos especialistas en Producións audiovisuais.



Non que se refire ao persoal adscrito aos traballos de pirotecnicia, indícase que se tratará da propia empresa Focs D'Artifici Europlá S.L., que destinará 1 Director de disparo, 3 xefes de disparo, 12 oficiais de 1ª montadores pirotécnicos, 15 persoas de información e recoñecemento e 6 persoas de carga e descarga . Ademais, inclúese a colaboración de 20 figurantes para os personaxes das bestias de fogo ou “Dimonis” (demos).

O equipo técnico adscrito ó proxecto considérase suficiente. Na proposta faise referencia ao Plan de Seguridade que será supervisado por D. Jorge Albusac, Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais e que inclúe vixiantes de seguridade as 24 horas na zona de montaxe e nos accesos aos edificios afectados. Respecto ao Plan de Emerxencia reflíctese que o técnico de prevención D. Jorge Albusac realizará unha reunión conxunta cos corpos e forzas de seguridade, protección civil, bombeiros, subdelegación de goberno e responsables municipais para establecer a zona de seguridade ao público na praza (delimitada con valos anti -avalancha), a situación das UVI móbiles e 2 postos de atención primaria a pé de rúa, o corte de accesos e as vías de evacuación.

Puntuación4 puntos

- **Criterio nº 5. Melloras**

Non se propón como mellora ningunha repetición da parte multimedia do espectáculo do 24 de xullo nos días seguintes.

Puntuación0 puntos

OBSERVACIÓNS:

No apartado 5.2 “Adecuación ao ámbito” do “*Prego de Prescricións Técnicas*” especificase que na proposta relativa á noite do 24 de xullo “*valorarase o equilibrio entre a parte multimedia e a parte pirotécnica, xa que nos últimos anos esta última foi perdendo peso e realmente é a parte do espectáculo que mellor se visualiza dende outras zonas da cidade, e pode ser vista por máis xente*”.

No guión técnico da proposta presentada por **FOCS D'ARTIFICI EUROPLÁ S.L.** para o espectáculo do 24 de xullo dedúcese que a totalidade dos efectos pirotécnicos empregados ocupan un total de 20 minutos e 55 segundos, é dicir, mais de dúas terceiras partes da duración do espectáculo que é de 30 minutos. Considérase por tanto que o maior peso da parte pirotécnica dentro do espectáculo proxectado (cunha parte final de 10 minutos reservados para o protagonismo dos fogos artificiais) responde favorablemente ao especificado no Prego de Prescricións Técnicas.

Puntuación total da proposta de FOCS D'ARTIFICI EUROPLÁ S.L. 19 puntos

RESUMEN DE VALORACIONES

As puntuacións totais asignadas son:

REFERENCIAS TÉCNICAS (0-49)	ACCIONA	EUROPLÁ
Criterio nº 2. ADECUACIÓN Ó AMBITO (0-7 puntos)		
- Medidas correctoras de impacto visual (0-4)	4	4
- Características do valado (0-3)	3	3
Criterio nº 3. MEDIOS TECNICOS (0-8 puntos)		
- Artefactos pirotécnicos día 24 (0-4)	2	4
- Artefactos castillos día 31 (0-3)	2	3
- Equipamiento técnico de iluminación, proxección e son (0-1)	0,75	1
Criterio nº 4. EQUIPO TECNICO (0-4 puntos)		
- Equipo técnico adscrito (0-4)	3,5	4
Criterio nº 5. MELLORAS (0-10 puntos)		
- Un día adicional de repetición do espectáculo (3)	0	0
- Dous días adicionais de repetición do espectáculo (6)		
- Tres días adicionais de repetición do espectáculo (10)		
PUNTUACIÓN TOTAL	15,25	19

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2016



Javier García Castelo
Servizo de Urbanismo



CONCELLO DE SANTIAGO

INFORME TÉCNICO, ARTÍSTICO E ECONÓMICO SOBRE AS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO CULTURAL DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS NOCTURNOS DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2016 DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

INTRODUCCIÓN.

O obxecto do contrato comprende a realización do Servizo cultural de deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo nocturno das festas do Apóstolo 2016 da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar na Praza do Obradoiro a noite do 24 de xullo e o 31 de xullo na Alameda (Campus Sur).

Preséntase para a súa valoración as propostas, realizadas polas seguintes empresas:

- 1.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.
- 2.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Faise un análise da proposta presentada no sobre de referencias técnicas, e seguindo os criterios de adxudicación números C.1, valorados con un máximo de 30 puntos que se distribúen da seguinte maneira:

- **Criterio nº C.1 Idea.....30 puntos**
Aquí a proposta creativa do espectáculo da noite do 24 de xullo valorarase con un máximo de 20 puntos e os do 31 de xullo cun máximo de 10 puntos.

ANÁLISE E VALORACIÓN DA PROPOSTA.

1.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.


- Criterio nº C.1 Idea

Proposta creativa do espectáculo do día 24.

O espectáculo desenvolverase nos seguintes emplacements: Hostal dos Reis Católicos, Colexio de San Xerome, Pazo de Raxoi e fachada do Obradoiro. Realizarase un espectáculo de 360º nos que mediante a técnica do videomapping 360 e do 3D anaglífico conseguirase que o espectador atópese cunha experiencia que xamais se deu anteriormente en Santiago de Compostela. O espectáculo distribúese en 5 grandes bloques todos conducidos/contados por unha voz en off madura e profunda como se tratase dunha lenda: I. Santiago e a súas xentes. II. Cidade de pedra e mar, Mitoloxía galega: meigas, serpentes, dragóns, mouros, etc. III. Queimada: paseo astral por Santiago. IV. Distinguido Santiago. V. Os fogos do Apóstolo.

Segundo os datos de guionización á duración será de 30 minutos.

Puntuación 18 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

Proposta creativa do espectáculo do día 31.

O emprazamento será no Campus Sur. O espectáculo estará centrado única e exclusivamente na composición pirotécnica coreografiada en base a unha banda sonora. A duración será de 22 minutos.

Puntuación10 puntos

5.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

- Criterio nº C.1 Idea

Proposta creativa do espectáculo do día 24.

O espectáculo realizarase no Pazo de Raxoi e nas outras tres fachadas do Obradoiro. Contará coa actuación musical de pandereteiras locais e cun espectáculo con lapas de fogo real. Farase referencia as orixes das festa locais. Festas do Cendal (carreiras de cabalos séculos XVI e XVII). Antigos castelos e fachadas queimados anos pasados. A figura central dos fogos será o Apóstolo Santiago, con aparicións de pasarrúas, personaxes históricos, e actuacións sorpresa. Outra secuencia fará referencia á evolución da arte do románico os nosos días. Outra será a evolución das festas en Santiago dende 1858 en adiante. Cabezudos e bombas de palenques terán outra secuencia específica.

Unha hora de espectáculo dividido en 30 minutos + 30 minutos

Puntuación20 puntos

Proposta creativa do espectáculo do día 31.


O espectáculo terá unha duración de 17 minutos de pirotécnica dende o Campus Sur – Alameda con 24 secuencias.

Puntuación9 puntos

XUTIFICACIÓN COMPARATIVA DA PUNTUACIÓN DO PTO C.1 - IDEA

Dentro do prego de prescricións técnicas, apartado 5.1. Idea establécense criterio artísticos de carácter claramente cualitativo: "... guión con expresión libre. A proposta creativa axustarase a un fío argumental que deberá desenvolver contidos concretos e relativos á idea de dar protagonismo a xente da cidade, as festas e o movemento cultural sen esquecer a propia historia: Protagonistas da vida cultural da cidade: autores, escritores e escritoras, pintores e pintoras, asociacións, músicos, bandas, artistas en xeral que dalgún xeito configuran o contido da cidade a nivel cultural potenciando a identidade contemporánea da cidade de Santiago. Iconografía propia das festas do Apóstolo: cabezudos, xigantes, baile tradicional, banda de música, Filharmonía de Galicia.... Espazos emblemáticos da cidade e percorridos polas rúas e prazas.

As dúas empresas manifestan que desenvolverán estas directrices, pero a presentada pola empresa ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO fai referencias moi concretas que figuran no



CONCELLO DE SANTIAGO

prego: As Festas do Cendal, primeiras festas das que se teñen noticias da celebración do Apóstolo Santiago que se celebraron entre 1528 e 1675. As festas organizadas polo Concello dende 1852 en diante, coa queima de castelos no centro da praza do Obradoiro para logo queimar as distintas fachadas Románicas e Góticas. Actuación musical de pandereteiras locais. Referencias a xigantes e cabezudos, pasarrúas e ao Apóstolo Santiago.

A oferta presentada pola empresa FORCS D'ARTIFICI EUROPLA toma de base o seu argumentario en cinco bloques ligados á proposta de idea establecida no prego: A cidade e a xente de Santiago, A figura de Santiago Apóstolo. Figuras da Mitoloxía Galega . A queima como elemento cultural de Galicia...

Dende o meu punto de vista esta proposta é menos específica ca anterior, non concreta tanto a idea argumental, fai menos referencias a festa, artistas, historia e non ten unha actuación con artistas locais.

Por outra banda existe dentro do apartado de idea un epígrafe máis cuantitativo na plica que no que se indica textualmente "Duración dos espectáculos, que pode ser distinta cada día e que será un dos aspectos que primará na puntuación".

Na proposta dos fogos do **24 de xullo**, a empresa ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO presenta un proxecto cunha duración de 60 minutos, 30 minutos de música e outros 30 minutos de audiovisual e pirotecnia (20 puntos).

A empresa FORCS D'ARTIFICI EUROPLA presenta unha oferta de 30 minutos de duración (18 puntos).


Nas proposta relativas ao **31 de xullo** a situación é inversa, FORCS D'ARTIFICI EUROPLA fai unha proposta de 22 minutos de duración (10 puntos) e ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO outra de 17 minutos (9 puntos).

Critério nº C.1 IDEA (0-30 puntos)	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.
-proposta creativa do 24 de xullo (0-20)	18	20
-proposta creativa do 31 de xullo (0-10)	10	9
TOTAL	28	29

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2016

Enrique Vázquez Naveira

Director de Festas



CONCELLO DE SANTIAGO

INFORME TÉCNICO, ARTÍSTICO E ECONÓMICO SOBRE AS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO CULTURAL DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS NOCTURNOS DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2016 DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Unha vez estudados os criterios de adxudicación, tendo en conta o punto número 10 do prego administrativo correspondente a puntuación da valoración mediante cifras, tal e como sigue:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS.

PROPOSICIÓN ECONÓMICA.....0-41 puntos.

MELLORAS.....0-10 puntos.

Presuposto Tipo Licitación : 180.000 €

Puntuación oferta = $41 \times \left(1 - \frac{(\text{baixa máxima \%} - \text{baixa oferta \%})}{100}\right) \times K$

Sendo K (factor de ponderación) = 2

PROPOSTA ECONÓMICA

1.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.

- *Proposición Económica: 174.000 € (sen IVE).....Baixa % = 3,33 %*

2.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

- *Proposición Económica: 179.372 € (sen IVE).....Baixa % = 0,35 %*

PUNTUACIÓN PROPOSTA ECONÓMICA.

1.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.

Puntuación oferta = $41 \times \left(1 - \frac{(3,33 \% - 3,33 \%)}{100}\right) \times 2 = 41 \times 1 = \underline{41 \text{ puntos.}}$

2.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

Puntuación oferta = $41 \times \left(1 - \frac{(3,33 \% - 0,35 \%)}{100}\right) \times 2 = 41 \times 0,9404 = \underline{38,5564 \text{ puntos.}}$

MELLORAS

1.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L. Propón como mellora a repetición do espectáculo durante tres días sen custo adicional para o Concello, **(10 puntos)**

2.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A. Non achega melloras, **(0 puntos)**

PUNTUACIÓN TOTAL (PROPOSTA TÉCNICA + PROPOSTA ECONÓMICA)

		Referencias técnicas	Proposta económica	Melloras	TOTAL
1.	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.	47	41	10	98
2.	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.	44,25	38,5564	0	82,8064

Achégase a este informe os anexos I, II, III

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2016



Enrique Vázquez Naveira
Director de Festas

ANEXO I

RESUMO PUNTUACIÓN SEGUNDO AS VALORACIÓN TÉCNICAS

REFERENCIAS TÉCNICAS (0-49)	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.
Criterio nº 1 IDEA (0-30 puntos)		
-proposta creativa do 24 de xullo (0-20)	18	20
-proposta creativa do 31 de xullo (0-10)	10	9
Criterio nº 2 ADECUACIÓN Ó AMBITO (0-7)	4	4
	3	3
Criterio nº 3 MEDIOS TECNICOS (0-8 puntos)	4	2
- Artefactos pirotécnicos día 24 (0-4)	3	2
- Artefactos pirotécnicos día 31 (0-3)	1	0,75
- Equipamento técnico de iluminación, proxección e son (0-1)		
Criterio nº 4 EQUIPO TECNICO (0-4)		
- Equipo técnico adscrito (0-4)	4	3,5
PUNTUACIÓN TOTAL	47	44,25

ANEXO II

RESUMO VALORACIÓN PROPOSTA ECONÓMICA

0-41 PUNTOS	PROPOSTA ECONÓMICA	BAIXA %	PUNTUACIÓN PROPOSTA ECONÓMICA
FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.	174.000 €	3,33%	41 puntos
ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.	179.372 €	0,35%	38,5564 puntos

MELLORAS

0-10 PUNTOS	PROPOSTA	PUNTUACIÓN
FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.	3 días de repetición do espectáculo	10 puntos
ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.	0 días de repetición do espectáculo	0 puntos

ANEXO III

RESUMO VALORACIÓN PROPOSTA TÉCNICA E PROPOSTA ECONÓMICA

PUNTUACIÓN TOTAL		PROPOSTA TÉCNICA	PROPOSTA ECONÓMICA	MELLORAS	TOTAL
1.	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.	47 puntos	41 puntos	10 puntos	98 puntos
2.	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.	44,25 puntos	38,5564 puntos	0 puntos	82,8064 puntos